

INVENTIO

Todo listo para a estrea absoluta de *Inventio* en Ferrol

O Teatro Jofre acolle o venres 30 de setembro, ás 20.00 h, a estrea e o inicio da xira de *Inventio*, un espectáculo de gran formato para público familiar co Camiño de Santiago como fío condutor

Lodo da súa estrea, *Inventio* recalará en Santiago de Compostela os días 7, 8 e 9 de outubro con cinco funcións

Toda a información actualizada sobre a xira e a venda de billetes está dispoñible na web www.inventio.gal



Un momento do espectáculo *Inventio* © Vanessa Rábade

Ferrol, 28 de setembro do 2022. - A dous días da súa estrea absoluta, o elenco artístico de *Inventio* presentou esta mañá aos medios de comunicación un petisco do espectáculo no Teatro Jofre de Ferrol. No acto tamén participaron **Martín Varela**, director creativo de *Inventio* e portavoz de Thinking Up Events; **Nava Castro**, directora de Turismo de Galicia; **Antonio Golpe**, concelleiro de Cultura e Deporte do Concello de Ferrol; e mais **Susan Santos**, responsable territorial en Galicia da Fundación "la Caixa".

CIRCO ILUSIONISMO DANZA MÚSICA

INVENTIO

Na súa intervención Varela destacou as dimensións de *Inventio*, tanto en medios humanos como materiais, e agradeceu ao equipo e ás entidades colaboradoras a súa xenerosidade e paixón para facelo realidade. Tamén salientou o grande obxectivo do espectáculo: o entretemento. *Inventio* é un convite para gozar cos sentidos dunha historia onde o pasado e o futuro danse a man.

O público de Ferrol vai ser a primeira testemuña da mestura de maxia, danza, artes circenses e música que dan forma a este espectáculo de gran formato que xoga coa hipótese dun Camiño de Santiago ambientado no ano 2094. *Inventio* permanecerá en Ferrol ata o 2 de outubro, onde brindará un total de cinco funcións antes de comezar a xira polo resto de Galicia e localidades seleccionadas de España e Portugal. Así, logo da estrea no Teatro Jofre, *Inventio* xa confirmou o seu paso por Santiago de Compostela (7-9 outubro), Salamanca (28-29 outubro), Lugo (4-5 novembro), Pontevedra (11-13 novembro), Cáceres (26-27 novembro), Ourense (2-3 decembro), Bilbao (29-30 decembro), Vigo (3-4 xaneiro 2023) e A Coruña (13-14 xaneiro). Toda a información actualizada sobre a xira e os billetes está dispoñible no espazo web www.inventio.gal.

Ilusionismo, levitacións, equilibrios, malabares, números aéreos, animación audiovisual, composicións de música tradicional galega fundidas con sons electrónicos... Todo isto e moito máis é *Inventio*, un espectáculo para público familiar que reborda humor, misterio e fantasía, e no que conviven a comedia e o drama, a danza, o ilusionismo e as artes circenses. Unha experiencia sensorial a un ritmo vertixinoso e con ecos do cinema futurista de Stanley Kubrick, Ridley Scott ou Denis Villeneuve, que non é máis ca "unha viaxe cara a todo iso que nos fai humanos: a nosa capacidade de sentir". Cunha atmosfera máxica e unha posta en escena vangardista, *Inventio* recupera a paisaxe, os costumes, a música, a arte ou a arquitectura de Galicia nun espectáculo delicado e cegador, de busca e descubrimento. *Inventio* é un camiño de regreso á sensibilidade a partir da tradición e a modernidade.

Para materializar esta ambiciosa proposta escénica, *Inventio* conta cun numeroso equipo creativo e artístico formado por máis de 40 persoas, entre elas seis bailaríns e sete artistas circenses. Na dirección atópase o mago Martín Varela, que tamén exerce de guía do espectáculo. Como responsable da dramaturxia figura José I. Prieto e na dirección artística está Suso Montero. A dirección de maxia recae sobre os ilusionistas Fani Triana e Martín Camiña e a de circo en Jorge Miquel. A dirección musical leva o selo de José Trincado 'Triki' e o ballet e as coreografías son unha creación de Mercedes Suárez. Completan o equipo Alberto Casas no deseño de iluminación e Conchi Silvent na dirección de vestiario. *Inventio* é unha iniciativa da promotora galega Thinking Up Events, da Xunta de Galicia a través do programa Xacobeo 21-22 e mais da Fundación "la Caixa", e conta tamén co apoio de Sargadelos.

A HISTORIA. Ano 2094. O noso mundo é branco, aséptico, limpo, ordenado. O noso universo é frío e tan impersoal coma o quirófano dun hospital. Deixamos de sentir e de comunicarnos. Aterramos no futuro, si, pero perdemos a memoria e a emoción. Galicia. Último ano Xacobeo deste século XXI. Unha *troupe* formada por un ilusionista, seis bailaríns e sete artistas de circo comprobamos que xa non existe o Camiño de Santiago, que xa ninguén o lembra. Non quedan peregrinos nin un camiño que percorrer xuntos. Tampouco a auga ou a chuvia, o son das gaitas, o verde dos campos ou a pegada do mar na area. Nin pegada nin lembranza ningunha. Que era todo aquilo? Onde quedaron a viaxe, a busca e o descubrimento? Onde liscou a

CIRCO ILUSIONISMO DANZA MÚSICA

INVENTIO

sensibilidade? Velaquí as preguntas que van guiar a esa *troupe* circense que teima nunha misión: reconstruír a súa identidade cultural. Sobre as táboas, os artistas vense envoltos nunha aventura sen igual. O pasado tócaos maxicamente e unha forza sobrenatural transformaraos.

Inventio nace co obxectivo de servir de vehículo de coñecemento e de divulgación do Camiño de Santiago e da cultura galega a través dunha historia de buscas e encontros, apta para público familiar e adulto. Trátase dun espectáculo que dota o noso patrimonio cultural dun enorme poder simbólico: tradicións nadas hai séculos que perduran hoxe, e que o fan enriquecidas e felizmente contaminadas doutras manifestacións artísticas, cunha ollada aberta que pon en valor o que nos constrúe e o que nos une.

Contacto de prensa INVENTIO

The Office Comunicación

Bea Pérez | 604 070 409 | bea@theofficeco.es

Luisa Castiñeira | 630 223 255 | luisa@theofficeco.es

Descarga do press kit online de *Inventio*:

(NP, dossier de prensa, logo e cartel, fotografías, vídeos e audios)

<https://cutt.ly/Inventio>

Xira *Inventio* | Datas anunciadas

30 setembro – 2 outubro | Teatro Jofre | Ferrol

7 - 9 outubro | Auditorio de Galicia | Santiago de Compostela

28 - 29 outubro | Centro de las Artes Escénicas y de la Música | Salamanca

4 - 5 novembro | Auditorio Gustavo freire | Lugo

11 - 13 novembro | Auditorio Sede Afundación | Pontevedra

26 - 27 novembro | Palacio de Congresos y Exposiciones | Cáceres

2 - 3 decembro | Auditorio Municipal | Ourense

29 - 30 decembro | Teatro Campos Elíseos Antzokia | Bilbao

3 - 4 xaneiro 2023 | Auditorio Mar de Vigo | Vigo

13 - 14 xaneiro 2023 | Teatro Colón | A Coruña

inventio.gal #inventiotour